CRITICA en GALICIA-HOXE
Del 08.06.2007

A contrabutaca

Aires de modernidade

O espectáculo ‘Perón Perón’ sérvese das figuras do mandatario e evita para falar de sentimentos. Unha proposta de ainternacional, concebida a modo de colaxe teatral na que actores, monicreques e obxectos comparten protagonismo

XOSÉ LUEIRO. A ESTRADA

Unha das escenas da obra de teatro ‘Perón, Perón’, unha escusa para falar de sentimentos a través das personaxes políticas
FOTO: AINTERNACIONAL

Disque a regra de toda dramaturxia é que non hai regras. Sírvome deste tópico do teatro contemporáneo ante a imposibilidade de cumprimentar un dos exercicios que todo crítico teatral gusta de levar a cabo nas súas valoracións: Esa obsesión tan nosa de etiquetado e xerarquizalo todo. Á hora de poñer etiquetas, este *Perón, Perón*, resístese claramente a ser etiquetalo. A medio camiño entre o tráxico e o melodramático, entre o visual e o acústico, o director da peza nutre a súa posta en escena de elementos que conxugan a simplificación, a solemnidade de imaxes e ritmos e a poetización do tópico. Caracterizacións, escenografía, música e luz aparecen transfigurados, substituíndo a ficción por un amoreamento de fragmentos que dan en compoñer o cadro social e persoal que ao autor lle interesa presentarnos.

Combinar o incombinable: velaí a fermosa aspiración de toda creatividade. Con esta arriscada pero atraente presentación escénica, Jorge Rey modela o seu obxecto dramático botando man de moitos e variados materiais. As alocucións, entrevistas e manifestacións do líder arxentino Juan Domingo Perón parecen evocar a influencia do documentalismo de Weiss, a inserción de pequenos diálogos, composicións corporais, cancións e poesía xestual retrotráenos ás técnicas de colaxe experimentadas dende o

teatro alternativo; tamén resulta evidente a importancia que o teatro de monicreques e a manipulación de bonecos adquire ao longo de toda a cadea de montaxe. Asumindo as prestacións do corifeo na traxedia grega, os bonecos de arxila son fonte de significación simbólica, representación social dunha colectividade manipulada a capricho polo poder político. Neutralidade branda que a acción reconverte en sentimentos.

A parella de protagonistas da obra de Ainternacional
FOTO: AINTERNACIONAL

Segundo Guillermo Heras, cada director debe saber elixir cál é o proceso de ensaios máis axeitado á concepción do espectáculo que quere levar a escena. Neste sentido, Perón Perón non parte de ningún apriorismo; parte por contrapartida dun concepto dramatúrxico aberto. A súa concepción meramente experimental parece ir deseñando o molde escénico case ás apalpadelas, no momento mesmo da inspiración e percepción.

Cuns mínimos elementos icónicos e un máximo protagonismo dos actores, a pretensión do proceso creativo é a de somerxerse na organicidade: Sentimentos, emotividade, berros...; un poñer en relación cousas que sempre teñen que ver con palabras do calado de Amor, Liberdade, Frustración, Desesperanza, Medo... Malia o que puidera facer pensar o título da peza, aínda que parte de dúas figuras históricas concretas, o discurso argumental non é un repaso da política peronista senón unha concatenación de sentimentos vinculados a unha traxectoria humana de alcance universal. A verosimilitude histórica é o de menos neste caso.

Gran parte do mérito desta montaxe radica no feito de non cinguir a súa filosofía cara a un texto discursivo, senón a de construír un universo babélico que se presenta con autonomía propia. Aínda que as rupturas narrativas, aínda que o fragmentarismo e a complexa metaforización da obra nos impidan discernir o significado de moitas das imaxes, e nos neguen calquera idea de unidade, debemos valorar como merece o obxectivo dunha compañía entregada á tarefa de atopar novas formas de expresión e a teima dun director empeñado en facer do compromiso e a experimentación os seus sinais de identidade. Iso, señores, ten un nome: Modernidade.

AS CLAVES
Elenco

Creada por Jorge Rey mediante un laborioso traballo de improvisación colectiva, Perón Perón está dirixida polo propio Rey e interpretada por Manuela Varela, Carlos Clemente, Alfredo Padilla e Mario López. Outros membros do equipo artístico son Carmen Domech no labor de escenógrafa, Eduardo Alonso no de deseño de iluminación, e Cloti Vaello no de apartado de vestiario. A sala Yago é responsable da distribución do espectáculo, espectáculo, que tras dúas semanas de programación na propia sala, comezará a percorrer toda a xeografía galega a partir do próximo outono.

Obra: Perón Perón

Compañía: Ainternacional

Director: Jorge Rey

Elenco: Manuela Varela, Carlos Clemente, Alfredo Padilla, Mario López

PRENSA 3/5/ 2007

Ainternacional estrea 'Perón Perón' no Principal

Ainternacional

Este espectáculo sérvese das figuras de Perón e Evita para falar do sentir do pobo arxentino

nunha época determinante para a súa historia: *Perón-Perón* non parte dun texto pechado, senón
que é unha montaxe que se iniciou cunha dramaturxia aberta, á que se lle foi dando forma
durante todo o proceso de ensaios. E aínda que parta de dúas figuras históricas moi concretas,
non é un repaso á política de Arxentina senón unha sucesión de sentimentos e sensacións
universais coma a soidade na emigración ou o amor.
Perón, Perón, de Jorge Rey
Compañía: Ainternacional
Dirección: Jorge Rey
Elenco: Manuela Varela, Carlos Clemente, Alfredo Padilla e Mario López
Iluminación: Eduardo Alonso
Escenografía: Carmen Domech
Vestiario: Cloti Vaello
O espectáculo está concebido como unha colaxe teatral no que actores, monicreques e obxectos
comparten protagonismo nunha secuencia de imaxes que nos transportan a unha historia que se repite
con demasiada frecuencia. Respira a atmosfera da traxedia grega a través do mito prometeico. A partir
de aí, conecta coa figura do líder populista Juan Domingo Perón, na Arxentina dos anos corenta e co
seu discurso esperanzador, que resoa na carballeira do centro lucense de Bos Aires, onde unha parella
de mozos emigrantes se contemplan por vez primeira.
Homes e mulleres precisan escoltar algo relacionado cos desexos e as aspiracións da súa viaxe. É a
primeira vez que un líder se dirixe a eles. Pero poucas cousas van cambiar nas súas vidas. Por máis
que teñan o coñecemento, unha serpe demoníaca vai beber o seu sangue todos os días, así nunha
espiral que se pecha coa resignación e a esperanza nas xeracións novas. Un mundo para os fillo

Correo Gallego Agenda
AGENDA

Miscelánea de arte y cultura

La compañía Ainternacional presenta hoy en el teatro Principal su espectáculo "Perón-Perón" ··
Arrancan también las Jornadas de Primavera del Instituto Teológico, dedicadas al Papa, y se
anuncia el Compostela Organum Festival

REDACCIÓN • SANTIAGO

Santiago vivirá hoy otra jornada llena de actos culturales. A las 12.oo horas, en el teatro Principal, la
compañía Ainternacional dará, así, una rueda de prensa para presentar el espectáculo *Perón-Perón*.
Este montaje, protagonizado por Manuela Varela, Carlos Clemente, Alfredo Padilla, Mario López, y
dirigido por Jorge Rey, se estrenará mañana, 3 de mayo, a las 21 horas en este teatro compostelano.